


INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Xuño 2020

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2020

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Xuño 2020


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xuño en Galicia unha caída do 9,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 20,6 puntos superior á do mes de maio. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 18,0%, taxa 15,6 puntos superior á do mes anterior.
- No Comercio diminúe a facturación o 8,0% e nos Outros servizos o 12,0%.
- En todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios no mes de xuño.
- O persoal ocupado no sector servizos rexistra un descenso do 5,7% en Galicia e do 7,1% en España respecto do mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas diminúe o persoal ocupado no mes de xuño.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xuño en Galicia un descenso do 9,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 20,6 puntos á do mes de maio. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 18,0%, rexistro 15,6 puntos superior ao do mes anterior.



No mes de xuño, as distintas comunidades autónomas foron progresando nas diferentes fases da desescalada ata acadar a nova normalidade o 15 de xuño en Galicia e o 21 de xuño no conxunto de España. O maior descenso da actividade no sector servizos produciuse no mes de abril e nos dous meses seguintes foise recuperando a actividade.

O *Comercio*, cun descenso do 8,0%, resta 6,0 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* reducen a súa facturación o 12,0% e restan 3,0 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* diminúe o 10,1% e nos *Outros servizos* o 31,5%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* diminúe o 10,1%, co que resta 5,2 puntos; o maior descenso rexístrase na *Venta e reparación de vehículos de motor*, -16,4%.

A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 12,3%, o *Comercio ao retalho* o 4,9% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 11,8%.

Os *Outros servizos* reducen a cifra de negocios en Galicia o 12,0%. A *Hostalería* é o sector máis afectado pola crise sanitaria, o que se manifesta nunha caída do 57,7%, co que resta 2,7 puntos a taxa de variación do índice xeral, seguido das *Actividades administrativas e servizos*

auxiliares que, cunha taxa de -45,5%, restan 1,8 puntos. En senso contrario, *Transporte e Actividades profesionais, científicas e técnicas* aumentan a facturación no mes de xuño, 9,4% e 14,6% respectivamente.

En España, os *Outros servizos* diminúen o 31,5%. Todos os sectores rexistran taxas negativas, producíndose as maiores caídas en *Hostalería* (-64,8%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-44,9%).

Na primeira metade do ano, o índice xeral diminúe un 16,8% en Galicia e un 18,4% no conxunto do Estado. O *Comercio* diminúe un 18,0% en Galicia e un 15,8% en España. Nos *Outros servizos* redúcese a facturación en Galicia un 13,1% e en España un 23,2%.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice diminúe o 16,0% no mes de xuño.

Os sectores que máis contribúen a este descenso son a *Hostalería* que, cunha taxa do -57,8%, resta 14,2 puntos e o *Comercio*, que resta 3,1 puntos cunha taxa do -7,1%.

Tres sectores rexistran taxas positivas: *Transporte* (3,1%), *Información e comunicacións* (0,1%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (25,1%).


Na primeira metade do ano, o índice diminúe un 20,1%. A maior caída dáse na *Hostalería* (-53,2%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 11,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 17,6%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de xuño en todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Catro comunidades rexistran taxas inferiores á media nacional: Illes Balears (-49,5%), Canarias (-35,2%), Madrid (-23,6%) e Cataluña (-18,2%).

As comunidades nas que menos baixa a cifra de negocios son Murcia (-0,9%) e Extremadura (-3,1%).

No que vai de ano, as maiores caídas prodúcense en Illes Balears (-37,3%), Canarias (-28,7%), Madrid (-20,8%) e Cataluña (-18,8%). Os menores descensos rexístranse en Murcia (-4,7%) e Extremadura (-8,4%).

Índices de cifra de negocios. Xuño 2020

Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado


2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado¹ diminúe en Galicia un 5,7% respecto ao mes de xuño de 2019, 1,4 puntos menos que en España (-7,1%).

O persoal ocupado diminúe un 1,3% no *Comercio* e un 9,1% nos *Outros servizos*. En España a ocupación diminúe no *Comercio* un 3,3% e nos *Outros servizos* un 9,5%. A maior caída rexístrase na *Hostalería*, cunha taxa de -18,2% en Galicia e do 18,6% en España.

No que vai de ano, o persoal ocupado redúcese un 3,1% en Galicia e un 3,3% no conxunto do Estado.

¹ Hai que ter en conta que as persoas acollidas a un Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) seguen formando parte do persoal da empresa.




2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

En todas as comunidades autónomas diminúe o emprego no sector servizos no mes de xuño con respecto ao mesmo mes do ano 2019. O maior descenso dáse en Illes Balears (-20,9%). A comunidade onde menos cae a ocupación é Murcia (-4,1%)

No que vai de ano, o maior descenso dáse en Illes Balears (-11,2%) mentres que Murcia é a comunidade con menor perda de emprego (-1,2%).

Índices de persoal ocupado. Xuño 2020

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xuño 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	110,8	-9,0	-16,8
Comercio	112,0	-8,0	-18,0
Venta e reparación de vehículos de motor	93,1	-16,4	-31,1
Comercio por xunto	115,0	-10,1	-20,5
Comercio ao retalho	109,2	-0,5	-7,2
Outros servizos	106,9	-12,0	-13,1
Transporte	129,5	9,4	2,1
Hostalería	52,2	-57,7	-53,1
Información e comunicacións	107,1	-1,4	1,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	127,1	14,6	-6,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	86,1	-45,5	-30,5
España			
Xeral	103,7	-18,0	-18,4
Comercio	111,1	-10,1	-15,8
Venta e reparación de vehículos de motor	121,8	-11,8	-32,7
Comercio por xunto	111,5	-12,3	-14,8
Comercio ao retalho	106,3	-4,9	-11,7
Outros servizos	90,2	-31,5	-23,2
Transporte	90,8	-26,9	-19,9
Hostalería	47,5	-64,8	-53,4
Información e comunicacións	105,7	-12,9	-9,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	120,3	-17,8	-15,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	75,5	-44,9	-27,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xuño 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	103,1	-16,0	-20,1
Comercio	110,6	-7,1	-17,2
Transporte	138,6	3,1	-1,8
Hostalería	53,2	-57,8	-53,2
Información e comunicacións	109,6	0,1	2,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	139,8	25,1	-4,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	108,4	-23,1	-15,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xuño 2020**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	103,7	-18,0	-18,4
Andalucía	102,6	-14,4	-15,9
Aragón	111,0	-6,7	-15,6
Asturias	107,6	-11,1	-16,4
Baleares, Illes	75,9	-49,5	-37,3
Canarias	75,5	-35,2	-28,7
Cantabria	113,7	-10,8	-17,2
Castilla y León	101,5	-11,1	-15,6
Castilla-La Mancha	114,2	-9,1	-15,9
Cataluña	100,8	-18,2	-18,8
Comunitat Valenciana	109,3	-11,3	-14,4
Extremadura	118,7	-3,1	-8,4
GALICIA	110,8	-9,0	-16,8
Madrid	104,0	-23,6	-20,8
Murcia	124,7	-0,9	-4,7
Navarra	115,0	-9,4	-13,7
País Vasco	110,4	-11,4	-16,3
Rioja, La	118,0	-7,3	-14,6

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xuño 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	102,6	-5,7	-3,1
Comercio	107,4	-1,3	-0,4
Venta e reparación de vehículos de motor	97,0	-2,6	-2,5
Comercio por xunto	119,5	0,4	0,4
Comercio ao retallo	102,6	-2,2	-0,6
Outros servizos	98,9	-9,1	-5,3
Transporte	99,4	-6,8	-4,2
Hostalería	88,6	-18,2	-11,0
Información e comunicacións	108,1	0,1	0,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	105,7	-2,8	-0,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	103,1	-7,3	-4,3
España			
Xeral	102,8	-7,1	-3,3
Comercio	104,0	-3,3	-1,2
Venta e reparación de vehículos de motor	103,7	-3,9	-2,1
Comercio por xunto	107,2	-2,5	-0,6
Comercio ao retallo	101,9	-3,7	-1,5
Outros servizos	102,1	-9,5	-4,6
Transporte	105,6	-4,9	-2,4
Hostalería	93,3	-18,6	-9,9
Información e comunicacións	109,0	-0,8	0,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	105,1	-3,3	-1,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	104,4	-10,3	-5,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xuño 2020**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	102,8	-7,1	-3,3
Andalucía	99,7	-7,7	-3,8
Aragón	105,7	-5,5	-2,9
Asturias	100,7	-5,7	-2,9
Baleares, Illes	106,1	-20,9	-11,2
Canarias	100,0	-9,2	-4,8
Cantabria	101,1	-8,7	-4,4
Castilla y León	99,5	-6,9	-3,4
Castilla-La Mancha	102,3	-6,3	-2,5
Cataluña	104,9	-7,2	-3,3
Comunitat Valenciana	102,5	-6,6	-2,3
Extremadura	103,1	-5,8	-3,3
GALICIA	102,6	-5,7	-3,1
Madrid	103,5	-5,8	-2,6
Murcia	111,8	-4,1	-1,2
Navarra	101,6	-7,5	-3,8
País Vasco	100,9	-5,2	-2,6
Rioja, La	103,4	-5,9	-2,7

Fonte: INE